

CAMIÑO DE SANTIAGO

5º EDUCACIÓN PRIMARIA
CPR SAN FERNANDO
VIGO




TODOS OS CAMIÑOS
LEVAN A SANTIAGO




LOCALIZACIÓN DA CIDADE

Santiago é a capital de Galicia, comunidade autónoma situada ao noroeste de España. Pertence á provincia da Coruña. Ademais, Santiago tamén se coñece como a culminación do roteiro de peregrinación do Camiño de Santiago e na súa catedral atópanse os restos do Apóstolo Santiago.




ORIXE DO CAMIÑO


Preguntádesvos de onde naceu a idea de realizar un roteiro ata a cidade de Santiago? Lédemelo con atención! Un día, un ermitán viu unhas curiosas estrelas que alumaban un lugar nun bosque próximo. Era un fenómeno moi estraño que se repetía cada noite, así que decidiu avisar ao bispo. Este investigou a zona e descubriu tres sartegos: o de Santiago o Maior (un dos apóstolos de Xesucristo) e os dos seus discípulos. O bispo, asombrado por atopar ao Apóstolo Santiago, avisou ao rei de entón, Alfonso II. Rapidamente, o rei reuniu a toda a corte e percorreron 300 quilómetros ata Santiago para ver ao bispo. Foron os primeiros peregrinos do camiño! E así naceu o Camiño de Santiago!



SÍMBOLOS IDENTIFICATIVOS

Hoxe en día chegar a Santiago sen un móbil parece algo imposible, pero é moi sinxelo. Só debes seguir as frechas amarelas que aparecen nas mouteiras. Son sinais de pedra e formigón que se utilizan para indicarnos a dirección que debemos seguir e para informarnos dos quilómetros que nos faltan para chegar a Santiago. E non vos preocupedes se durante o percorrido tedes sede. Douvos a solución! Necesitades unha cabaza, pero non falo da froita. Falo da que usaban os antigos peregrinos como recipiente para beber, así que, se queredes ser auténticos peregrinos, esquecédevos das botellas de auga ou das cantimploras. Ademais, antigamente, se lograbas chegar á catedral entregábanche unha cuncha de vieira para colocala no chapeu ou na capa e considerábase unha forma de tributo ao apóstolo.





HISTORIA DA CIDADE

Para coñecer a historia da cidade debemos saber que onde agora atópase a catedral había un poboado romano chamado Assegonia. Por iso é polo que se considere un templo románico. Interesante, verdade? Falemos agora do seu centro histórico, un belo e compacto grupo de caellas, casas con galerías, prazas monumentais, templos e museos. Sóavos a Praza do Obradoiro? Seguro que si! É a praza que se atopa diante da catedral e que seguramente algunha vez visitádeses. O seu nome deriva dos talleres de canteiros que traballaban na fachada barroca da catedral e é o lugar de benvida aos peregrinos.

Catedral de Santiago

Esta Catedral que hoy vemos tiene en su parte más antigua más de mil años.
En su historia tenemos que remontarnos a los tiempos de Jesús. Uno de sus apóstoles, Santiago el Mayor, fue enterrado en un monte mágico llamado Libredón.
Su tumba quedó en el olvido... hasta que una noche de hace 1.800 años se produjo su descubrimiento. El rey se dio cuenta de que allí estaban las reliquias de un apóstol de Cristo y mandó a construir una iglesia, el siguiente rey otra mayor... pero siempre se iban quedando pequeñas porque comenzaban a llegar muchos peregrinos.
Vinieron monjes, mercaderes y campesinos y Compostela empezó a crecer en el siglo X. Y así llegamos al año 1075, cuando por fin se ponen las primeras piedras de la gran Catedral.
A partir de ese año desfilaban por Santiago los mejores constructores del Románico hasta llegar al Maestro Mateo, autor de los últimos tramos de las naves y, sobre todo, del Pórtico de la Gloria.
Cuando fue consagrada en el año 1211, la Catedral ya gozaba de un privilegio increíble: toda aquel que visitase la Catedral en un Año Santo veía perdonadas las penas de sus pecados. Y eso en la Edad Media era muy importante!
Con el tiempo las obras no se detuvieron en la Catedral. El Apóstol, que fue nombrado patrón de España en 1630 se merecía tener una catedral preciosa. Así se fueron añadiendo y cambiando las capillas y corrigiendo los retalles.
La mayor revolución llegó con el Barroco, el elegante estilo que hoy vemos en el altar mayor, en la fachada del Obradoiro y en las plazas monumentales que rodean a la Catedral.
Una Catedral milenaria, con una riquísima historia. Aquí se han coronado reyes y arzobispos; se han producido incendios y batallas; se han acuartelado soldados invasores y se han acollado millones de hombres y mujeres llegados de todas partes del mundo.
La Catedral es el corazón de la historia de la ciudad de Santiago.




HISTORIA DA CATEDRAL

Hai 1200 anos, o rei mandou construír unha igrexa ao redor da tumba do Apóstolo Santiago, atopada no monte Libredón, e o seguinte rei, mandou construír unha igrexa máis grande. Cada vez chegaban máis e máis peregrinos, polo que as igrexas sempre quedaban pequenas. Así se consagrou a catedral no ano 1211. Pódese acceder ao seu interior e abrazar á figura do Apóstolo Santiago, e admirar o aclamado Pórtico da Gloria do Mestre Mateo, tres arcos de estilo románico con máis de 200 figuras de granito. Pouca maña tiñan o Mestre Mateo e todos os canteiros que o axudaron con este proxecto, verdade? Que marabilla!


MONUMENTOS DO CAMIÑO FRANCÉS

Peregrinos e peregrinas, se elixides o camiño francés, debedes visitar si ou si a ponte de Zubiri, coñecido tamén como a ponte da rabia. Está en Navarra e dá acceso a Roncesvalles, lugar considerado unha vía de paso para entrar desde Francia na península ibérica. Tamén podedes visitar a catedral de Jaca, templo románico moi importante e situado en Huesca. E outro lugar que vos deixo por aquí é a catedral de Santa María, un conxunto arquitectónico eclesiástico único situado en Pamplona. Despois de saber isto, non vos apetece visitar todos estes lugares? Hai moitos máis!




MONUMENTOS DO CAMIÑO PORTUGUÉS

Ten monumentos increíbles! Cóntovos! Empecemos pola bonita e marabillosa ponte de Cesures, situada case en Santiago e cunha estrutura impecable. Outro monumento interesante é a Igrexa de Santiago, en Redondela. Gústame porque representa un dos vínculos que establece o camiño de Santiago con Redondela. Ademais, crese que foi construída encima dun templo no século XII, non é impresionante? Por último, temos a catedral de Tui, considerada o máximo expoñente da riqueza artística da cidade polo estilo románico dos seus muros e cimentos. Con toda esta información, non vos encantaría visitar todos estes recunchos?




GASTRONOMÍA DO CAMIÑO FRANCÉS

Para facervos a boca auga, empezarei por falarvos do bacallau ao pil pil, un peixe sabrosísimo que non che podes perder se realizas este camiño. Logo está a sopa de allo. Outro nivel! Ata un neno a comería grazas á súa rica e cremosa textura. Termino co cordeiro ao chilindrón, posiblemente a carne máis deliciosa deste maravilloso camiño francés.




GASTRONOMÍA DO CAMIÑO PORTUGUÉS



Cóntovos que se come de luxo ao longo de todo o camiño e o mellor é que os prezos se axustan a todos os petos. A todos gústanos comer en lugares auténticos e existen multitude de lugares que nos ofrecen o menú do peregrino, que inclúe arroz con marisco, sardiñas asadas, caldo verde, pasteis de nata, e moitos máis pratos deliciosos para o padal. Déixovos algúns sitios onde se come moi ben, como “Ou xantar de Otelu” en Redondela ou “A boquería” en Baiona, pero uno dos máis valorados é a tapería “A muralla” en Tui. Non vos parece que só pola gastronomía xa merece a pena facer o camiño?


CULTURA DO CAMIÑO



Como xa sabedes, en Galicia somos moi festeiros. Rapidamente apuntámonos a unha boa foliada, pero existe unha festa por excelencia. Unha festa tradicional que nos representa a todos os galegos. Fálovos da festa do Apóstolo que se celebra cada 25 de xullo na Praza do Obradoiro, en Santiago. Hai actuacións de grupos musicais; música propia de Galicia con gaitas, pandeiretas e outros instrumentos característicos; baile galego e mesmo fogos artificiais. E xa se falamos de todas as lendas que esconde o camiño, recoméndovos que antes de facelo leades algunhas, por exemplo “O milagre do galo e a galiña” ou “O cabaleiro das cunchas”, entre outras moi famosas.



ANO XACOBEO

Cando falamos de “Ano Santo Xacobeo”, falamos dunha celebración católica que ten lugar en Santiago de Compostela e que se celebra cada vez que o 25 de xullo cae en domingo. Esta coincidencia ocorre nun intervalo de anos distinto, cada 5 ou 6 anos, e ás veces, hai que esperar ata 11 anos para poder vivir o Ano Santo. Si, si, lestes ben, 11 anos! A Igrexa católica prometeu o perdón de todos os pecados a quen peregrinase ata a tumba do Apóstolo durante o Ano Santo. A celebración do Xacobeo é unha oportunidade excepcional para realizar o camiño, xa que os roteiros do Camiño de Santiago éñchense de eventos durante todo o ano. E sabedes que é o mellor de todo? Que estamos en Ano Xacobeo! Ánimo, é o momento perfecto para converterse en peregrino ou peregrina!







*E COLORÍN COLORADO,
CAMIÑO REMATADO.*

MANUEL, GONZALO, AROA, PEDRO, THIAGO, ADRIANA, CARLA, LEILA, MARIAMI, LEO, IVÁN E ANTÍA